

CUESTIONARIO. Autores e intérpretes e tradición manuscrita

1. Cal era a clase social na época feudal que gozaba de máis tempo par o lecer?
2. Cales eran as actividades de caza máis frecuentes?
3. Que eran os xogos de guerra?
4. Cal era o xogo de salón preferido?
5. En que lugar xorde o torneo de amor? En que consistía?
6. Explica a etimoloxía da palabra **xograr**.
7. Que tipos de xogos facían os xogres ao principio?
8. Por que dicimos que os xogres eran itinerantes? En que sitios representaban os seus espectáculos?
9. Eran ben acollidas pola sociedade da época os espectáculos dos xogres?
10. Como evolucionan os xogres a partir do século XI?
11. Por que podemos considerar aos xogres como "*versionadores*"?
12. Como evolucionaron posteriormente?
13. Cantos xogres aparecen nos nosos cancioneros?
14. Como xorde a figura do trovador?
15. Explica a etimoloxía da palabra **trovador**.
16. En que se diferenciaba un trovador dun poeta?
17. Dentro da poesía medieval galega cal é a diferenza entre un trovador e un xograr?
18. Explica a etimoloxía da palabra **segrel**
19. Que compartían os segreis con xogres e trovadores?
20. Fai unha táboa coas características propias de xogres, trovadores e segreis atendendo aos seguintes aspectos: clase social, profesionais da poesía, recitadores/cantantes, compositores, nomes empregados, itinerantes, lugares onde actuaban
21. En xeral, a sociedade medieval era unha sociedade alfabetizada ou analfabeta?
22. De onde xorde a palabra **cantiga**?
23. Que eran os cancioneros?
24. Cales son os 3 cancioneros principais da lírica galego-portuguesa medieval? Cal é o mais antigo dos tres?
25. En que século se escribiu o cancionero de Ajuda? De onde procede o seu nome?
26. Que eran as miniaturas que aparecían nos códices medievais? E a letra capitular? Por que se deixaban espazos entre algúns versos?
27. Que xénero de cantigas recompila o Cancionero de Ajuda? Por que se excluiron os outros xéneros?
28. Que información valiosa aporta este códice?
29. De que época é o Pergamiño Vindel?
30. Por que recibe este nome?
31. Que se supón que foi en orixe este códice?

32. Cal é o contido do Pergamiño Vindel?
33. Cal é o tipo de notación musical do Pergamiño Vindel?
34. Por que se denomina así ao pergamiño Sharrer?
35. Cal é o contido do pergamiño Sharrer?
36. Que era a "Arte de Trovar"?
37. Nas páxinas iniciais de que cancionero está a "Arte de Trovar"?
38. Cita 5 instrumentos característicos da época medieval?